

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: extraordinaria

NÚMERO: 2020/13

DATA: martes 22 de decembro de 2020

LUGAR: mediante vídeo conferencia <https://jitsi.concelloderianxo.gal/Pleno>

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 20:20 h

PRESIDE MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

SECRETARÍA ACCIDENTAL VICENTA A. CAMPAÑA MARTINEZ, que redacto esta acta.

INTERVENTORA PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

ASISTEN

BNG

ADELINA CES QUINTANS

TOBIAS BETANZOS REGO

RAQUEL GARCIA ABUIN

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA

PP

GERMAN ALLUT VIDAL

ALICIA CAROU ROMERO

PSdeG-PSOE

MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑIZ

ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA

FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

Rianxo en Común-SON

JULIAN BUSTELO ABUIN

JULIO ALCALDE HERMO

Ciudadanos

SARA MARÍA RESUA PATIÑO

AUSENTES

FRANCISCO RUBIO VICENTE

MARIANO MOARES RIAL

ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

ORDE DO DÍA

Único. ADHESIÓN DO CONCELLO DE RIANXO AO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA 1ª E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA ARTICULAR A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓN AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDIMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID-19.

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2020/G010/000013 e identificado pola pegada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=he54TeGP1mA>

PROPOSTAS ORDINARIAS

ADHESIÓN DO CONCELLO DE RIANXO AO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEGAMP PARA ARTICULAR A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID- 19

EXPEDIENTE: 2020/A006/000016

Dáse lectura da proposta presentada:

Visto o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Visto o Real Decreto-Lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no que se establecen/estableceron as medidas urxentes de prevención, contención e coordinación necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como previr posibles rebrotos.

Visto que o citado Real Decreto-Lei no seu Capítulo VII recolle o réxime sancionador, establecendo que o mesmo corresponde ao Estado, ás Comunidades Autónomas e ás entidades locais no ámbito das súas competencias.

Visto que ante as dúbidas xurdidas en canto a competencia dos concellos para a tramitación das sancións en caso de incumprimento das medidas destinadas facer fronte ao COVID-19 e outros aspectos, foron obxecto de informe, en data 14 de outubro de 2020, pola Sección de Estudos e Informes do Consello Consultivo de Galicia.

Visto que se ten recibido no concello o Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para articular a encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19.

Visto que o art. 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece: "1. A competencia é irrenunciable e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou outras leis.

A delegación de competencias, encoméndalas de xestión, a delegación de firma e a suplencia non supoñen alteración da titularidade da competencia, aínda que si dos elementos determinantes do seu exercicio que en cada caso prevense.

Visto que o art. 11 da citada norma establece: "*Encomendas de xestión.*"

1. A realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos ou das Entidades de Dereito Público poderá ser encomendada a outros órganos ou Entidades de Dereito Público da mesma ou de distinta Administración, sempre que entre as súas competencias estean esas actividades, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

As encomendas de xestión non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos regulados na lexislación de contratos do sector público. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto nesta.

2. A encomenda de xestión non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do órgano ou Entidade encomendante ditar cuantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda.

En todo caso, a Entidade ou órgano encomendado terá a condición de encargado do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución de encomenda de xestión, séndolle de aplicación o disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal.

3. A formalización de encomendas de xestión axustarase ás seguintes regras:

.../

b) Cando a encomenda de xestión realícese entre órganos e Entidades de Dereito Público de distintas Administracións formalizarase mediante firma do correspondente convenio entre elas, que deberá ser publicado no "Boletín Oficial do Estado", no Boletín oficial da Comunidade Autónoma ou no da Provincia, segundo a Administración a que pertenza o órgano encomendante, salvo no suposto da xestión ordinaria dos servizos das Comunidades Autónomas polas Deputacións Provinciais ou no seu caso Cabidos ou Consellos insulares, que se rexerá pola lexislación de Réxime Local".

Logo de ver o informe emitido pola secretaria do Concello en data de 16 de decembro de 2020 coas observacións formuladas no mesmo.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención do Concello en data de 16 de decembro de 2020 concluíndo:

".../

Á vista do exposto, a conclusión do meu informe é:

Informe favorable

1. Informe favorable con observacións.

Non se cumpre a normativa do artigo 49 LRXSP no relativo aos prazos do convenio.

Non se regulan as consecuencias vinculadas a un incumprimento das obrigas do convenio.

Informe desfavorable sen carácter suspensivo.

- *Non se cuantifican as obrigas económicas nin se establecen os criterios para a súa determinación, polo que se incumpre o artigo 49 LRXSP.*

O órgano competente para a resolución do reparo, no seu caso, é, de acordo co artigo 217 TRLFL:

O alcalde

2. O Pleno, ao tratarse dunha competencia plenaria.”

Considerando que a adhesión a este convenio require de acordo adoptado polo pleno da corporación municipal, por maioría absoluta, art. 47.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das Bases de Réxime Local.

Considerando, non obstante esta alcaldía , que convén ao interese municipal proceder de forma inmediata á adhesión ao convenio, dada a insuficiencia de medios persoais e materias cos que conta o concello para a tramitación dos procedementos sancionadores que son obxecto do mesmo, da encomenda de xestión, e que polo tanto non pode ser demorada a adopción do correspondente acordo .

Vistos pois os fundamentos anteriormente expostos é polo que, propónse ao Pleno a adopción do presente ACORDO:

PRIMEIRO

Solicitar a adhesión do Concello de Rianxo ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID-19.

SEGUNDO

Manifestar a vontade do Concello de Rianxo de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

TERCEIRO

Dar traslado do presente ao Departamento da Policía Local do Concello de Rianxo.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime pertinente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2020/G010/000013 e identificado pola pegada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=he54TeGP1mA>